

PROXECTO EDUCATIVO DO CENTRO

1.- INTRODUCCIÓN.	3
2.- ANÁLISE DO CONTEXTO	4
A) Contexto socioeconómico.	4
B) Lingua usual do alumnado.	4
C) Tipo de escola.	4
D) Posibilidades persoais, materiais e estruturais.	5
— Persoais.	5
— Materiais.	6
— Estructurais.	8
3.- ESTRUCTURA ORGANIZATIVA	9
4.- NOTAS DE IDENTIDADE.	14
5.- OBXECTIVOS.	15
6.- LIÑAS METODOLÓXICAS.	18

1.- INTRODUCCIÓN

Plantexámonos o Colexio como un lugar de convivencia armónica no que a participación de todos, de forma coordinada, posibilita a integración das diversas crencias, principios, valores e estilos docentes, co obxectivo de acadar un fin común.

Cada alumno deberá estar en condicións de aproveitar as oportunidades educativas ofrecidas para satisfacer as súas necesidades básicas de aprendizaxe. Estas necesidades abranguen tanto as ferramentas esenciais para a aprendizaxe (lectura e a escritura, a expresión oral, o cálculo, a solución de problemas) coma os contidos básicos (coñecementos teóricos e prácticos, valores e actitudes) necesarios para poder desenvolver plenamente as súas capacidades, vivir e traballar con dignidade, participar plenamente no seu desenvolvemento, mellorar a súa calidade de vida, tomar decisións fundamentadas e continuar aprendendo durante toda a vida. *

Así pois, somos conscientes da importancia do proxecto que temos nas mans, por tratarse dos primeiros pasos do neno/a no campo da educación formal.

* Artigo 1.1 da Declaración Mundial sobre Educación para todos e Marco de Acción

para Satisfacer as Necesidades Básicas de Aprendizaxe, 1.990

2.- ANÁLISE DO CONTEXTO

A) Contexto socioeconómico e cultural.

Aglutinamos a poboación do barrio de Labañou, do novo Polígono de Los Rosales e unha pequena porcentaxe de alumnos procedentes de O Portiño (fundamentalmente de etnia xitana).

O barrio de Labañou está constituído fundamentalmente por vivendas de "tipo social": Grupo María Pita, Grupo Pardo Santallana, edificio Herradura e torres da rúa Espiga.

O Polígono de Los Rosales é de recente creación (aínda está en construción).

Esto reflicte a coexistencia de diferentes grupos socioeconómicos e culturais.

B) Lingua usual do alumnado.

Empregan maioritariamente o castelán, aínda que teñen coñecemento e certo grado do uso do galego.

C) Tipo de escola

É un centro público, dependente da Consellería de Educación da Xunta de Galicia.

Abarca a educación infantil e a primaria, cun total de 15 unidades creadas e 18 en funcionamento.

Adscrito ó I.E.S. Salvador de Madariaga para a educación secundaria.

Un centro que sempre se caracterizou pola súa inquietude, experimentación, actualización e innovación. Integrado na Rede Europea de Educación para a Saúde e na Rede Europea de Educación do Consumidor.

Manten unha traxectoria de colaboración con outras Entidades socioculturais: (Asociación Comunitaria Distrito Quinto, Servicios Sociais...), co fin de analizar situacións dende perspectivas diferentes e planificar actuacións coordinadas (Centro de Saúde, Servicios Sociais, Asociación de Vecinos).

D) Recursos persoais, materiais e estruturais.

— Persoais

O colexio conta cunha plantilla maioritariamente definitiva, con previsión de cambio a corto prazo polo aumento da matrícula, que quedará así: 10 de Primaria, 6 de Infantil, 1 de filoloxía francesa, 2 de filoloxía inglesa, 2 de educación física, 1 de música e 1 de pedagogía terapéutica. A estes 23 profesores habería que engadir a profesora de relixión católica que nomea o Episcopado, a profesora de Educación Compensatoria e unha Orientadora.

Podemos consideralo un profesorado xoven e estable, pois a maioría leva no colexio máis de 10 anos.

É un profesorado inquieto, participativo e preocupado pola súa formación, disposto a participar e colaborar en proxectos novos.

A nova poboación escolar reflicte o cambio sociolóxico que se está a dar no colexio, mantendo, en xeral, boa disposición cara a colaboración na marcha do mesmo.

Existe unha APA, aínda que conta cun baixo índice de afiliación.

Constatamos a existencia dun pequeno grupo (directiva da APA e representantes do Consello Escolar) cun alto grado de implicación e participación.

As relacións pais-profesores son, en xeral, fluídas, aínda que con algúns resulta difícil establecer relación porque non acuden ó colexio.

Os alumnos son nenos e nenas comprendidos entre 3 e 12/13 anos, cun total aproximado de 300.

— **Materiais**

O recinto escolar no seu conxunto conta cunha superficie de 12.750 m². , 1.850 m² de superficie construída e o resto en amplios patios de recreo e pistas.

Ten tres pistas polideportivas, zonas de xogos, espazos axardinados, parque infantil con areeira e zona libre ante a fachada do colexio. Todo elo situado nun espacio aberto, alto, venteado e exposto á incidencia do mar, pola súa proximidade.

Hai dúas edificacións, unha para alumnos de educación infantil e outras para educación primaria coa seguinte distribución:

- Edificio de Infantil:

Ten oito aulas cunha superficie aproximada de 62 m² e un patio cuberto cunha superficie de 230 m².

Ten aulas de psicomotricidade, biblioteca-video, natureza, música, cociña, usos múltiples e sala de profesores.

- Edificio de Primaria

Consta de planta baixa e tres plantas altas coa seguinte distribución:

— Planta baixa:

- Zona administrativa con secretaría, despachos de Dirección e Xefatura de Estudos, Sala de profesores e servicios cunha superficie aproximada de 145,6 m².
- Biblioteca de aproximadamente 85,8 m².
- Salón de usos múltiples de aproximadamente 260 m².
- Pequeno patio cuberto de 135 m².
- Pequeno cuarto de curas .
- Servicio de alumnos con acceso exterior.
- Vivenda do conserxe.

— Primeira planta:

- 12 aulas de primaria de 57,6 m² cada unha e servicios para alumnos e para profesores.

— Segunda planta:

- 7 aulas, comedor escolar, despacho de Orientación e aula de informática (material municipal en depósito)

— Terceira planta:

- Aula de video e aula de ingles.
- Laboratorio e pequena titoría.

— Elementos estruturais

O colexio ten moi próximo ó seu entorno os seguintes servizos:

- Centro de Saúde.
- Centro Municipal de Servizos Sociais.
- Pistas polideportivas.
- Multicines.
- Centro Comercial.
- Asociacións culturais e deportivas (A Capela e Sin Querer).
- Conservatorio de música e Escola de idiomas.

3.- ESTRUCTURA ORGANIZATIVA

1.1. ORGANOS UNIPERSOAIS

- Dirección
- Secretaría.
- Xefatura de Estudios.

FUNCIÓNS PRINCIPAIS

- Executa-los acordos dos Órganos colexiados no ámbito da súa competencia.
- Transmisión de información.
- Distribución de tarefas.
- Planificación de actividades.
- Análise de problemas e necesidades do centro.
- Avaliación de tarefas realizadas.
- Outras establecidas nos artigos 27, 34 e 35 do Decreto 374/1996.

1.2. ORGANOS COLEXIADOS

CLAUSTRO. Integrado pola totalidade dos profesores do centro.

Competencias:

- Facer propostas para a elaboración do PEC, PCCs, e PXA.
- Aprobar e avaliar os aspectos docentes da PXA.
- Determinar a lingua materna predominante e a lingua ambiental dos alumnos.

- Promover iniciativas de investigación, experimentación pedagógica e todas aquelas que tendan a millorar o funcionamento do centro.
- Analizar e valora-lo rendemento escolar do centro.
- Elexi-los seus representantes no Consello Escolar.
- Coñece-las candidaturas á Dirección e os programas presentados polos candidatos.
- Outras establecidas no artigo 47 do Decreto 374/1996 (17 de outubro)(DOG do 21).

CONSELLO ESCOLAR. Órgano a través do cal participan na xestión do centro os distintos membros da Comunidade Escolar.

A) Composición

- Director/a (Presidente/a)
- O/A Xefe/a de Estudos.
- Un representante do Concello.
- Un representante do persoal de administración e servicios.
- Cinco mestres (elexidos polo claustro)
- Cinco representantes dos pais de alumnos.
- O/A Secretario/a do centro (con voz pero sen voto).

B) Atribucións:

- Establece-las directrices para a elaboración do PEC, aprobalo, avaliado e introducir modificacións, sen prexuízo das competencias do Claustro coa planificación e organización docente.
- Elexi-lo director/a do centro e, se é o caso , propoñe-la revogación.
- Decidir sobre a admisión de alumnos.
- Aprobar e modifica-lo Regulamento de Réxime Interior do Centro.

- Resolve-los conflitos e impoñe.las correccións con finalidade pedagóxica que correspondan a aquelas condutas do alumnado que perxudiquen gravemente a convivencia do centro.
- Aproba-lo proxecto de orzamento do centro e a xustificación de contas.
- Aproba-la Programación Xeral Anual e a de actividades extraescolares.
- Outras establecidas no artigo 43 do Decreto 374/1996

No seo co Consello Escolar funcionarán:

— Comisión Económica: integrada polo Director/a, un mestre, un pai de alumno e o/a Secretario/a do centro.

A súa función é informar ó Consello Escolar sobre cantas materias de índole económica lle sexan encomendadas.

— Poderá existir tamán a Comisión de Convivencia, integrada polo Director/a, o/a Xefe/a de Estudos, un profesor e un representante dos pais. A súa función e resolver e mediar nos conflitos presentados e dar canle ás iniciativas de tódolos sectores da comunidade educativa para mellora-la convivencia, o respecto mutuo e a tolerancia no centro.

1.3. EQUIPOS DE PROFESORES

— Equipos de Ciclo

Agrupa a tódolos mestres que imparten docencia en cada ciclo. Haberá un coordinador por cada un deles.

A súa función é organizar e desenvolver, baixo a supervisión do/a xefe/a de estudos, as ensinanzas propias do ciclo.

— Comisión de Coordinación Pedagóxica:

Integrado polo director/a (Presidente), Xefe/a de Estudos, coordinadores de ciclo, profesor de apoio (P.T.) e o coordinador do equipo de Normalización Lingüística.

As súas competencias son:

- Elevar propostas ó Claustro para elaborar os PCCs.
- Asegura-la coherencia entre o PEC, os PCCsm e a PXA.
- Canaliza-las necesidades de formación do profesorado e outras establecidas no artigo 62 do Decreto 374/1996.

— Equipo de Normalización Lingüística.

Constituído por un profesor de cada ciclo, podendo integrarse para temas puntuais outros membros da comunidade educativa. A súa principal competencia é normaliza-la presenza da lingua e cultura galega.

— Equipo de Actividades complementarias e extraescolares.

Integrado polo seu xefe/a e, para cada actividade concreta, polos profesores que participen nela.

Neste centro os compoñentes terán un carácter estable ó longo do curso, e para lograr unha maior eficacia, haberá un representante de cada ciclo. As súas competencias serán promover , organizar e facilitar ditas actividades e todas aquelas establecidas no artigo 37 do Decreto 374/1996.

1.4. SERVICIOS

- Administración. Un auxiliar administrativo para desenvolver as tarefas propias do seu posto de traballo.
- Comedor escolar. Autorizado pola Delegación Provincial á APA para uso exclusivo dos alumnos/as do colexio.
- Transporte. Dependente da Consellería de Educación para alumnos/as con domicilio a máis de 2 Km. de distancia do centro. (a extinguir)

1.5. ORGANOS DE PARTICIPACION DA COMUNIDADE ESCOLAR.

A.P.A. (Asociación de Pais de Alumnos). Competencias:

- Informa-los asociados da súa actividade.
- Facer propostas ó Consello Escolar para a elaboración do P.E.C. e ó Equipo Directivo da P.X.A.
- Formular propostas para a realización de actividades complementarias e extraescolares.
- Fomenta-la colaboración entre tódolos membros da Comunidade Educativa.
- Facer uso das instalacións do centro nos termos que establezca o Consello Escolar de acordo coa lexislación vixente.
- Outras establecidas no Artigo 105 do Decreto 374/1996.

5.- OBXECTIVOS DO CENTRO

Plantexámonos os obxectivos nos seguintes ámbitos:

- Ambito humano.
- Ambito pedagóxico.
- Ambito institucional.

— Ambito Humano (relacións interpersoais e de convivencia)

- Adquirir-la toma de conciencia das agresións que sofre o noso entorno ambiental e comprometerse na súa defensa e mellora.
- Preparar-los alumnos para o exercicio responsable da súa liberdade favorecendo actitudes de convivencia, solidariedade e respecto.
- Desenvolve-la nosa acción educativa nun clima equilibrado e acolledor.
- Fomentar valores de tolerancia como xeradores dunha boa convivencia, respecto, liberdade, solidariedade, compañeirismo...
- Desenvolve-las aptitudes e actitudes cara á convivencia e ó respecto ás normas que a fan posible.
- Potenciar un réxime de coeducación e de atención á diversidade no que non se produza discriminación algunha por razóns de sexo, discapacidade (física ou psíquica), raza, relixión, etc.

— **Ambito pedagógico.**

- Potencia-lo desenvolvemento das habilidades básicas de observación, experimentación, asimilación e expresión, atendendo ó estado evolutivo do neno/a.
- Potencia-la utilización das novas tecnoloxías como un recurso de gran importancia nestes tempos.
- Fomenta-lo uso da biblioteca.....
- Desperta-lo interese pola lingua e cultura galega e o respecto a outras culturas.
- Fomenta-lo tratamento dos temas transversais (E.P.S., Ambiental, Vial, Consumo, Educación para a Paz) como parte integrante da nosa actividade diaria..
- Capacitar os alumnos para que ó final da ensinanza primaria alcancen o nivel axeitado nas áreas instrumentais básicas.
- Proporcionarlle ós nosos alumnos unha adecuada orientación persoal e escolar, mediante un sistema adecuado de titorías e traballo cooperativo.
- Propicia-la creación de grupos de traballo para a reflexión sobre a actividade docente.

— **Ambito Institucional**

- Rendabilizar ó máximo os recursos económicos coa participación de tódolos estamentos.
- Revisa-la eficacia da distribución e utilización dos recursos materiais e didácticos.

- Facilitar ó profesorado, na medida do posible, a dotación de recursos suficientes para o desenvolvemento da actividade docente.
- Buscar axudas, de tipo económico ou material, a través de outros organismos ou entidades.
- Potencia-los mecanismos e os procesos de participación dos membros da comunidade escolar na xestión do centro.
- Fomentar que os profesores, pais, personal non docente interveñan e participen no control e xestión do centro.
- Favorecer as relacións de colaboración e coordinación co I.E.S. Salvador de Madariaga o que está adscrito o noso centro.
- Lograr no noso centro un marco de participación onde o traballo sexa coordinado e compartido entre tódolos membros do equipo docente
- Favorece-la relación e intercambio con outros centros docentes e non docentes que poidan enriquecer a nosa labor educativa.
- Favorece-la relación Colexio-APA para tratar temas de interese que incidan no proceso educativo (Proxectos cooperativos).
- Favorece-lo uso das instalacións do Centro para o desenvolvemento de actividades culturais e deportivas.
- Potencia-la participación dos pais-nais no proceso educativo dentro da súas competencia, como membros da nosa comunidade educativa.
- Favorece-la formación permanente do profesorado a través da organización de actividades levadas a cabo no noso centro

6.- LIÑAS METODOLOXICAS

O colexio entenderá ó alumnado como constructor da súa aprendizaxe. Respectando os distintos estilos, a liña metodolóxica do colexio irá encamiñada á consecución dunha aprendizaxe significativa. Concretaremos basicamente nestes puntos:

- Concíbese a actuación do profesorado non só como instructor, senon como orientador e facilitador da aprendizaxe.
- As necesidades específicas e o ritmo de maduración de cada alumno será respectado no desenvolvemento intelectual, emocional e adaptación social.
- Transversalidade. Traballo interdisciplinar (Paz, ecoloxía, saúde).
- Utilizaranse os instrumentos o noso alcance (sidas ó entorno, medios de comunicación, audiovisuais, informática...) para vincularnos o noso entorno e á sociedade actual.
- Entendemo-la avaliación como un proceso continuo baseado no seguimento de todo o proceso educativo e dos elementos que nel interveñen, facendo maior fincapé no proceso en sí máis que nos resultados cuantitativos.

4.- NOTAS DE IDENTIDADE

- Espíritu plural e democrático, cooperativo e solidario.
- Integrado na comunidade, aberto a outros colectivos, culturas e organizacións que contribúan ó proceso educativo.
- Comprometido na integración da diversidade, onde poidan convivir alumnos e alumnas con disfuncións físicas ou psíquicas así como aqueles que polas súas condicións étnicas, socio-económicas ou outras, se atopan nunha situación de desfavorecemento.
- Respetuoso co medio ambiente, comprometido na súa defensa e mellora.
- Implicado na Educación para a Saúde, entendendo que unha boa educación para a saúde, debe pretender que os alumnos desenrolen costumes e hábitos saudables e que os valoren como un dos aspectos básicos da calidade de vida.
- Comprometido no desenrolo do sentido crítico e responsabilidade que está na base da Educación para o Consumidor.